



www.oqueleo.com

© Do texto: 2023, Carlos López

© Das ilustracións: 2023, Uxía Pin

© Desta edición:

2023, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-45-7

Depósito legal: M-3973-2023

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2023

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Coordinación editorial:

Marta Olivares


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Contos que caben nunha man

Carlos López

Ilustracións de Uxía Pin

oqueleg



Rigoberto, o varredor

Aquela fría mañá de outono, Rigoberto púxose a varrer as follas caídas da árbore da praza. Levoulle un bo anaco, porque era unha árbore moi grande. Xuntounas todas nunha gran morea. E sucedeu que, como a árbore quedou completamente espida, agarrou frío e espirrou, e co espirro desbaratou a morea de follas, e Rigoberto o varredor anoxouse moito.

A froiteira

8 Na froitaría de Xiana entrou unha señora.

—Bo día. Pode vostede poñerme, por favor, un pemento vermello?

A Xiana, a froiteira, xa non lle quedaban pementos vermellos. Soamente lle quedaban dos verdes. Así que Xiana colleu un pemento verde e díxolle:

—Guapo! Máis ca guapo! Pero que guapo es, meu amor!

Entón o pemento verde púxose vermello. Xiana meteuno nunha bolsa, pesouno e entregoullo á señora, que marchou toda contenta co seu pemento vermello.

Matías, o reloxeiro

Na reloxaría de Matías entrou unha nena. A nena tiña no seu pulso esquerdo un reloxo pintado con bolígrafo. A nena díxolle a Matías: 9

—Señor, o reloxo está parado.

Entón Matías colleu un bolígrafo e pintoulle unha pila, e o reloxo púxose a funcionar.



O peiteador

Unha moza de pelo negro foi ata o salón de peiteado de Adolfo e dixo que desexaba tinguir o pelo de branco. Adolfo era un gran peiteador, pero moi lento. E resulta que, mentres buscou as tinturas e preparou todo o material pasou tanto tempo que a moza de pelo negro fíxose velliña e púxoselle todo o pelo branco, e xa non precisou que Adolfo llo tinguise de branco. 11

O bombeiro

12 Os bombeiros acudiron a un grande incendio. Xosé, o bombeiro, púxose a cantar mentres traballaba. O seu capitán rifoulle:

—Non se canta mentres se traballa!

E pasou que Xosé cantaba tan mal que empezou a chover, e choveu tanto que apagou o incendio, e o capitán abrazou a Xosé efusivamente mentres todos o aclamaban.

Pedro, o mecánico

O exame final na Escola Superior de Mecánica de Automóbiles consistía en volver montar un coche totalmente desarmado, peza a peza. Pedro dispúxose a montar o coche e ao final sobraronlle pezas. Os seus compañeiros ríronse del.

—Vaiche caer un suspenso ben gordo!
—mofábanse.

Pero entón resultou que Pedro, coas pezas que lle sobraron, fixo outro coche, e o profesor púxolle un 10.